

59

# GALICIA CANTA Ó NENO

(PEQUENA ANTOLOXIA DO NADAL EN GALICIA)



PROGRAMA - GUION



LUGO, NADAL 1974-75



GALICIA CANTA Ó NENO, é un remexido “literario-costumista-plástico-musical” do xeito e maneira de festexar o Nadal, en Galicia, nos tempos antergos.

*A estampa galega, presentámola partida en catro tempos:*

- Xuntanza de mozos e mozas o pé dun cruceiro.
- Escea nunha cociña enxebre de lareira, o carón do lume.
- Ofrendas, cantos de berce i arrollo o Neno.
- Unha mostra de cantos de Ano vello, Aninovo e Reis.

— o —

*Desenrolan o programa:*

- O GRUPO FOLK “FUXAN OS VENTOS”
- OS GAITEIROS “TOXOS E XESTAS”
- O CORO DO “COLEXIO M. F. S. SACRAMENTO”
- UN GRUPO DE BAILES E DANZAS

— o —

VOCES: Todos os compoñentes de Galicia canta ó Neno.

TRAXES: Todas as épocas. Pro Nacemento: Traxes hebreos.

INSTRUMENTOS: “Zanfoña”, gaitas, guitarras, frautas, pandeiro, tambor, panderetas e conchas.

DECORADOS: M.<sup>a</sup> Xosé Vilar e Pili Esqueira, ex-alumnas do Colexio.

CUADRO PLÁSTICO NACEMENTO: Hirmáns do Colexio M. F. S. Sacramento.

COREOGRAFIA: Unha comisión de “Fuxan os Ventos”.

— o —

Armou o guión e fixo á escolma: O P. Mato, crego residente en Lugo.



## « UNHAS VERBAS »

Cando me propuxeron a idea de que fixese un “programa” de “Galicia canta ó Neno” mais cheio e com preto co do ano derradeiro, decateime da fame que abonda na nosa Terra por coñecer a fartura do noso folklore do Nadal, un chisquiño esquencido. Non soio a mín, se non tamén os compoñentes de “Galicia canta ó Neno”, déunos moita ledicia os anxeios da xente; é a millor sinal de que o folklore aínda chega a alma i o corazón do pobo.

Por este feito, ten vostede hoxe nas suas maus iste pequeno “guión-programa” da nosa actuación, pra que deste xeito poda cantar connosco agora, levar as letras pra sua casa i adprendelas vostede ou ensinalas a sua xente. Esta é tamén unha das maneiras de loitar con nós pra que non se perda o que aínda temos.

Sabemos ben que o que vostedes van a ver hoxe, non é mais que un anaquiño do folklore; unha pequena mostra, arrincada da gran despena do folklore do Nadal que ten Galicia, o que mesmo parece que á ten pechada con candado, en perigo de escangallarse e perderse, se non lle valem os a tempo. Dámonos conta de que a nosa laboura é sosmente un comenzo, un poñer o motor a andar pra que, xuntos, —vostedes e nós— non deixemos morrer a riqueza que nos deixaron os nosos antepasados.

O noso traballo de recolleita polos pobos i aldeas de Galicia, as horas que roubamos o descanso por mor de ensayar, as nosas pequenas regueifas cando non nos poñíamos dacordo, todo o damos por ben empregado, se “Galicia canta ó Neno” sirve pra:

- levar un pouquiño de ledicia os corazóns da nosa xente,
- despertar do seu sono a todos os que saben e poden estudar o rico folklore da nosa Terra;
- espallar o que xa se coñece i aínda se conserva,
- recoller i escolmar o que aínda está ciscado polas nosas aldeas,
- facer historia e desenrolar a cultura do noso pobo,
- festexar a Noiteboa i o Nadal enteiro sin envexas ou aldraxes
- sementar na nosa Terra —agora que estamos en Concilio— O Mensaxe de Paz, Xusticia i Amor que veu traer o mundo, o Fillo de Deus.

Os compoñentes de “Galicia canta ó Neno”, desde estas páxinas, dan as gracias a vostedes i a todos os que nos axudaron neste traballo. De maneira especialísima aos dous persoaxes que quizáves foron os que mais influiron pra que todo isto fose adiante: D. Xosé Trapero Pardo e D. Xesús Alonso Montero. Coido que non lles fai falla presentación. Gracias a todos e ¡FELIZ NADAL E XEITOSO ANINOVO! de parte dos compoñentes de “Galicia canta ó Neno”.

*Xesús Mato.*

# Así canta Galicia ao Neno

POR XOSÉ TRAPERO PARDO

No ano derradeiro, un fato de rapazas e rapaces, dirixidos polo Padre Mato, acordaron xuntarse pra cantar panxoliñas e reises no Nadal. Pro dixeron:

—¿E por qué non dar un xeito novo ao tradicional e por qué non faguer unha escolma das cántigas de toda a rexión galega?. Así daríanse a conocer algunhas pouco escuitadas e así libraríanse de ser esquencidas outras. Pro tamén así sería a maneira de celebrar, con ledicia e hastra con devoción, os misterios da Navidá.

E dito e feito: en viaxes polas terras galegas xuntaron unha prexada de cántigas; despois tiveron a idea de dar un xeito novo á interpretación, no tear do bon desexo teceron a tea dun argumento que dése unidá dentro da variedá á presentación; xuntaron instrumentos músicos; e saíndo do trillado camiño do cantar en corro e parados, deron vida ao conxunto, con evolucíós, verbas expricativas e telós pintados, poñendo de ese xeito a andar, por decilo así, o que por séculos estivo parado.

Aquilo era algo novo que viña a dar un sopro de vida ao que pouco a pouco iba esmorecendo e que estaba casi morto: as panxoliñas, os vellos romances e as cántigas de reises volvían a escuitarse nas vilas e nos pobos, entre a admiración e o aprauso das xentes. Así cantaba a Galicia de hoxe ao Neno nacido vai facer dous mil anos.

Niste ano, o Padre Mato e as rapazas e rapaces que se xuntaron pra ista labor tan eloxiada xa, volven a cantar ao Neno. Pro volven despoixas de novos viaxes, de novas recolleitas, con un xeito anovado de presentación. Tran con iles os instrumentos que dan enxebrismo e valor aos cantares; pro tran tamén, despois de longos e cuidados ensaios, novas maneiras rítmicas que dan novedá porén ao desenrolo dos autos ou “tempos” das aucíós e que apresentan esceas da vida rural, na que se mixturan inxenuidade e arte, fe e senso da tradición.

Eiquí vai nistas páxinas unha guía do que vai a apresentar “Galicia canta ao Neno”. Pro eiquí vai asimesmo, inda que non sexa doado de apreixar, o traballo do Director e do fato de rapazas e rapaces que con il escomenzaron a labor de dar a coñecer o que se iba esquecendo, de conservar o que se iba perdendo, de apresentar as vellas cántigas con vestidos novos.

Os que sentimos a fe i o folklöre, debemos felicitalos e agradecerlles iste traballo,

# « LIMIA R »

POR XESÚS ALONSO MONTERO

A musa popular galega ten producido ao longo da súa historia un feixe de cántigas sobor do Neno, do Neno por antonomaxía: A cotío quen fai, quen compón estas coplas é un home sinxelo, sin estudos, sin universidades. Ese home ten un nome na nosa lingua: “fistor”: Pois ben; os fidores da nosa terra son autores dunha presa de cántigas que non desmerecen á carón das composicións escritas polos poetas letrados. Nas recolleitas por D. Xesús Mato, tan enxebremente cantadas polos rapaces e rapazas de “Galicia canta ó Neno”, hai algunhas xoias do noso cancionero.

Gracias a este recital, os ouvintes vanse decatarse doadamente de tres feitos importantes:

- a) O pobo galego soubo forxar pezas literarias cheas de xeito e de engado, xa pra louvar, xa pra descubrir un acontecemento que influíu poderosamente no desenvolvemento da Humanidade.
- b) Hai, nesta fermosa escolleita, algúns versos nos que as circunstancias do Nacemento, pra que éste sexa en verdade universal, se galeguiza. Reparade no galego que vai a Belén, coma quen vai a unha festa do país, e o boi cómello o seu sombreiro de palla.
- c) Un dos eixes desta escolma é a poesía de intención social, fortemente social. Forxados algúns destes versos séculos antes do Concilio, amosan unha fasquía posconciliar ben patente. Ne-feuto, o Neno non nacéu, como dí unha cántiga, en berce de ouro; nacéu nunhas pallas sinxelas e homildes, feito que nos move a cavilación. Sábeno ben os compoñentes de “Galicia canta ó Neno” que, por certo, non descubren nada novo: simplemente poñen o acento nunha dimensión do Nacemento e do Cristianismo que as xentes de berce dourado teñen calado ou abafado.

Por todo elo,  
polo xeito con que cantan estes amigos,  
pola emoción que lle botan,  
pola feitura da escenificación,  
polo que supón de agarimo intelixente a fála e á poesía popular do noso país,

eu saúdo a “Fuxan os ventos”, “Toxos e xestas”, “Coro do Collexio” e demais compoñentes de “Galicia canta ó Neno”, cun aturuxo das nosas montañas e levantando ben alto o meu imaxinario e labrego sombreiro de palla.

# ALIMIA

por Xosé Alonso Monje

A actual popularidade dos produtos de longa vida é un feito de carácter xeral de fronte de fronte de fronte. É certo que os produtos de longa vida son un fenómeno novo, pero non é un fenómeno novo. É un fenómeno que se repete a través da historia. Os produtos de longa vida son un fenómeno que se repete a través da historia. Os produtos de longa vida son un fenómeno que se repete a través da historia.

Contra a este fondo de realidade, os produtos de longa vida son un fenómeno que se repete a través da historia. Os produtos de longa vida son un fenómeno que se repete a través da historia.

a) O produto de longa vida é un fenómeno que se repete a través da historia. Os produtos de longa vida son un fenómeno que se repete a través da historia.

b) Os produtos de longa vida son un fenómeno que se repete a través da historia. Os produtos de longa vida son un fenómeno que se repete a través da historia.

c) Os produtos de longa vida son un fenómeno que se repete a través da historia. Os produtos de longa vida son un fenómeno que se repete a través da historia.

Por todo isto, os produtos de longa vida son un fenómeno que se repete a través da historia. Os produtos de longa vida son un fenómeno que se repete a través da historia.

Os produtos de longa vida son un fenómeno que se repete a través da historia. Os produtos de longa vida son un fenómeno que se repete a través da historia.

# GALICIA CANTA Ó NENO

## TEMPO PRIMEIRO

(Escea ó pé do cruceiro)

**Ambientación:** Coas cortinas pechadas, escomenza a soar o vilancico universal "Noite de Deus", cantado en galego. No intre, un membro de "Galicia canta ó Neno", saúda á xente, e pouco a pouco, vanse abrindo as dúas partes do telón. Aparescen todos en escea, rematando "Noite de Deus", acompañados por frautas. Saúdan i espállanse, a oito, mentras tanto se abren as cortinas do segundo plano, pra presentar o decorado do tempo primeiro.

**Decorado:** Ó fondo, un "cruceiro", como sinal e símbolo da nosa terra. Os lados, no meio de arbres, montes e rías, un hórreo galego e máis unha palloza, o estilo das que aínda se ven polo Cebreiro (Lugo). Unha luz de "mañán cedo" ou da posta do sol, brila sobor o "cruceiro". Mozos e mozas, escomezan a chegar das aldeas da parroquia. Veñen cantando e facendo bulla.

## VILANCICOS E PANXOLIÑAS DE "CHAMADA" E INVITACION

*(Estrebillos de catro vilancicos moi coñecidos da provincia de Lugo. Acompañan "grupo de gaiteros").*

VAMOS, VAMOS, RAPACIÑOS, CARA BELEN, COA GAITA DO FOL,  
QUE DICEN NACÉU UN MENIÑO, MÁIS BONITIÑO QUE UN SOL;  
E DICEN QUE NON TEN, O PROBE, NIN CAMISIÑA QUE POÑER  
AS ESTRELAS XA NOS GUÍAN ;VAMOS, RAPACES, VÁMOLO VER.

— o —

VAMOS CANTANDO E RUANDO Á MILLOR FESTA QUE HAI  
QUE NACÉU O NOSO NENO REI DA TERRA E DO MAR (BIS).  
EN BELÉN HAI MOITA FESTA, TOCAN PANDEIROS E GAITAS (BIS)  
VAMONOS ALÓ PASTORES A TOCAR COAS NOSAS FRAUTAS (BIS).

— o —

VINDE, VINDE, RAPACIÑOS, VINDE, VINDE A VER Ó NENO  
QUE ENVOLTIÑO NUNHES CARPACIÑOS E NUN PORTALIÑO PE-  
[QUENO (BIS).

VINDE A BELÉN, VINDE AMIGUIÑOS, E CORREDE, CORREDE,  
[CORREDE BEN.

— o —

*(Están xa todos en escea. Veñen vestidos de todos os xeitos e de todas as épocas. Ademáis de gaitas, conchas, frautas e pandeiros, tamén traen guitarras, o instrumento da xuventú en todas as partes do mundo. Mosttran un vilancico, cheio de duzura e agarimo, que foi recolleito na zona de Chantada).*

VINDE VER O NENO-QUE ESTA DESPIDIÑO  
I ACUCURRADIÑO-Ó PÉ DOS SEIS PAIS;  
E MANCANO AS PALLAS-EN QUE ESTÁ DEITADO  
I O NOSO PECADO AINDA-O MANCA MAIS.

— o —

Solistas: O Meniño, Pequeniño entre unhas pallas se ve;  
como o Neno é tan pequeno aínda non se ten de pé;  
¡Ai qué Neno, ai qué Meniño, ai qué ganiñas me dan!  
de comerlle a cara a bicos de branco e gordo que está.

— o —

*(Da bisbarra de Chantada, ímonos agora, deica as montañas de Pedrafita i o Cebreiro, onde se canta outro vilancico, con estribillo de xota galega. Refrexa a maneira de ser dos nosos irmáus da montaña e nótaselle un chisquiño a vecindade cos de León e terras do Bierzo).*

— o —

VAMOS A BELÉN, AMIGOS, —VAMOS QUE A NOITE ESTÁ CRARA,  
MINGOS LEVA AS CASTAÑOLAS I O SEU PANDEIRO PASCUALA  
[(BIS).

Solistas: ¡Ai qué Neno, tan bonito —qué cariña tan galana;  
Nunca Neno, tan bonito, viron as nosas montañas (bis).

— o —

*(Deixamos a montaña, e ímonos ó carón da costa, á bisbarra de Ribadeo. Alí recollemos iste vilancico, que somella mesmamente- nas estrofas- con xeito de vals, o "tecetece" das ondiñas do mar. E forte i ó mesmo tempo garimoso).*

VINDE GALEGUIÑOS VINDE—VINDE CON PANDEIRO E GAITA;  
QUE UN MENIÑO MOI RIQUIÑO—NACÉU HOXE NA MONTAÑA (BIS).

Solistas: Nacéu un Neno moi mono-nacéu un Neno moi guapo (bis).  
e súa nai xiquera tiña-nin un probe farrapo (bis).  
O Meniño está na neve-a neve faino tremere (bis).  
¡Meniño da miña ialma ¿quén che poidera valere?. (bis).

— o —

*(Despóis de poñer unha mostra-pequena, por certo-das bisbarras de Chantada, Pedrafita e Ribadeo, voltamos cara á Terra Chá i á Capital da Provincia, onde atopamos outro vilancico, con xeito de "marcha". A nosa versión foi recolleita por terras de Villalba).*

— o —

IMOS LOGO TODOS XUNTOS—IMOS PRA BELÉN,  
QUE HOXE É DÍA DE RUADA—DÍA DE PRACER;  
VINDE AIXIÑA COMPAÑEIROS,  
VINDE AIXIÑA PRO TEU BEN;  
XA VERÁS AQUEL MENIÑO  
XA VERÁS QUÉ LINDO É. (BIS).

Solos: Nunhas pallas deitadiño— i en coiriños aii está (bis).  
sendo o Dono deste mundo— e Señor de canto hai (bis).  
¡Qué cariña tan bonita! —Qué feitura de rapaz!.  
Queda ún admirado —vendo a súa Maxestá!. —LA LA LARALA.

— o —

*(Todo o mostrado hastra agora, foi recolleito do folklore popular galego. Son moi vellos i aínda quedan moitos máis. Con letras "vellas" apresentamos agora, un "poutpurri", con múseca do noso tempo, mais conservando "e respetando" os aires galegos do vilancico. Foi composto, máis ou menos, fai unhos vinte anos).*

— o —

IMOS TODOS XUNTOS LOGO A BELÉN  
QUE AQUEL MENIÑO EU QUERO VER;  
VINDE AMIGUIÑOS, E CORREDE CORREDE BEN,  
VINDE QUE ESPERA AQUEL MENIÑO,  
O CALORCIÑO DA NOSA FE.

VINDE AXIÑA COMPAÑEIRÓS  
VINDE AXIÑA PRO TEU BEN  
QUE HOXE E NOITE DE RUADA  
QUE HOXE E NOITE DE PRACER.

— o —

IMOS LOGO TODOS XUNTOS  
IMOS LOGO PRA BELÉN.  
XA VERÉIS AQUEL MENIÑO  
XA VERÉIS QUE LINDO É.

— o —

*(Rematamos este "tempo primeiro --tempo de "chamada e invitación"-- coa danza "da Alborada" de Veiga, a cargo do grupo de baile. A "Alborada", anque moitos digan o contrario, é o máis típico, noso i orixinal, que temos na nosa terra, xuntamente co "Alalá". A alborada foi, no paganismo, un canto de louvanza á "natureza" i ó Sol; no cristianismo, pasou a ser un canto de louvanza a "Deus Creador", que nos manda o Sol, os días, a auga, etc.).*

— o —

FIN DO TEMPO PRIMEIRO

## GALICIA CANTA Ó NENO

### SEGUNDO TEMPO: ESCEA DA COCIÑA

Decorado: O máis parecido a unha típica cociña de aldea de fai unhes anos. O angarelo, unha gramalleira da que colga un pote, fogo, artesa, bancos de respaldo, trespés, etc. Aparecen catro homes, xogando “a brisca”, a aboa fiando na roca, etc. Faráse todo, como se poida.

— o —

EN BELÉN NACÉU UN NENO  
TAN BRANQUIÑO COMO A PRATA;  
E ROXIÑO COMO O OURO  
COMO A MAÍS FINA ESCARLATA.

— o —

NON ME LUXES CO TEU FUSO  
VAI DOUBAR ROUPA DO NENO  
NIN ME PIDAS NINGÚN BICO  
QUE ESTA NOITE EU CHO OFREZO.

— o —

LEVARÉILLE UN GUEDELLIÑO  
FEITO COAS NOSA LÁS;  
PRA FACERLLE O BERCE Ó NENO  
SALVADOR DAS NOSAS ALMAS.

— o —

POR FACER CALAR Ó NENO  
TOCAMOS PITOS E FRAUTAS  
TAMBORILES E PANDEIROS  
BOMBOS, PLATILLOS E GAITAS.

— o —

*(Supónse que nesta xuntanza da cociña, repasan vilancicos e panxoliñas, pra cantar despóis ó Neno, na Misa do Galo. Despóis de cantar*

tódolos que estaban na cociña, chegan "os fillos novos da casa" e cantan *POR ENTRE AS SILVEIRAS*, na versión que existe polas Zonas de Navia, Castroverde e Fonsagrada. O anaco que lle toca cantar ó rapaz "é recolleito na zona de Xinzo de Limia, na Provincia de Ourense". Son, por tanto, dúas versións do mesmo vilancico).

— o —

POR ENTRE AS SILVEIRAS —CANTAN ALEGRES OS PAXARIÑOS  
ANUNCIANDO A TODOS —CON GRAN ESPLENDOR;  
QUE NACÉU O NENO MÁIS EXCELENTE MÁIS BONITIÑO,  
E VEN A SER FILLO DO NOSO SEÑOR.

— o —

Sóio: As ovelliñas, pacendo  
pola veira do rigueiro  
berran porque xa nacéu  
o Rei da terra e do Ceo.

I as aves todas co seu chiar  
festexan xuntas a Navidá;  
cos seus chiídos sen descansar  
louvan ó Neno que está no portal.

— o —

Solistas: A Belén vinde pastores,  
alí nacéu un Meniño  
que está, meu Ben, tiritando,  
ai! tiritando de frío;  
Il, o Probiño, trembando está  
e naide corre pra o ir quentar.  
Soio un boiciño, co seu soprar  
quentaba o Neno, sen descansar.

— o —

(Chegan máis rapaces e rapazas do pobo, cantando un fermoso vilancico que nós ouvimos nas Zonas de Nogales, Baamonde e Villalba. Pensamos que, aínda que é moi galego, nalgunos compases, pegóuselle algo doutras rexións de España. Chámase --ou nós puñémoslle eisí-- O GARRIDIÑO).

— o —

XA QUE NACÉU PRO NOSO BEN  
AI QUE MENIÑO TAN GARRIDIÑO  
VAMOS A VER O NOSO MENIÑO  
VAMOLO A VER QUE ESTÁ EN BELÉN.

Solistas: Vãmos, a velo que fai,  
vamos que está cabo da súa Nai.  
Deitado está nun pesebre  
desnudiño nunhas pallas  
e como fai tanto frío,  
súa Nai co mantelo ó tapa (bis).

— o —

Solista: Haivos un boi e unha mula  
que non fartan de miralo  
e como fai tanto frío  
co fólgo quéren quentálo (bis).

— o —

A mula cômelle as pallas  
o boi alento lle dá;  
vinde, vinde, os pastores,  
imos a velo que fai. (bis)  
que está cabo de súa Nai. Sí. (bis).

— o —

*(Siguen ensaiando na cociña, todos xuntos. Agora cantan, quizáives, o vilancico máis coñecido en toda a Provincia de Lugo: ALÓ ENTRE AS PALLAS).*

— o —

ALÓ ENTRE AS PALLAS —CHEIO DE FRIO;  
VINDE PASTORES VER O MENIÑO;  
CHEGADE PRESTO VINDE A PRISIÑA,  
PORQUE XA ESPERA O CARRAPUCHIÑO.

— o —

CHEGADE PRESTO VINDE APRISIÑA  
PORQUE XA ESPERA O CARRAPUCHIÑO;  
ALÓ ENTRE AS PALLAS CHEIO DE FRÍO  
PORQUE XA ESPERA O CARRAPUCHIÑO.

— o —

Solista: Ten cara meigosa, —de neve e carmín  
ten labios bermellos, cal rosa de abril,  
mirada tan tenra tan doce ó rir,  
que craba na ialma— craba sin ferir, craba sin ferir.

— o —

*(Un "probe" que ven de moi lonxe, arríncalle ó "abó" un vilancico moi vello e moi enxebre, recolleito pola parte de Escairón. Cántase tamén noutros sitios, i, en vez de "pendello" falan de "cortello, portelo, etc." Ten xeitos e maneiras de muiñeira).*

NO PENDELLO QUE HAI XUNTO O CAMIÑO—ESTES DIAS PASADOS  
UN MENIÑO PEQUENIÑO QUE PARESCÉ DO CEO CAÉU;  
DIN QUE É O MESÍAS DIN QUE É O BEN,  
CORRAMOS TODOS A BICARLLE O PÉ.

Solista: Vinde, vinde, rapaciños, —vinde vinde a ver ó Neno;  
que envoltiño nunhos carpaciños, e nun portaliño pequeno (bis).

— o —

*(O "probe" que tamén é arriscado, canta ún, moi xeitoso, e que ouvimos en moitas zonas da Provincia. A nosa versión, corresponde a comarca do Saviñao, perto a Monforte. Coidamos que é a máis lexítima e tamén a máis anterga).*

CON UN SOMBREIRO DE PALLA  
UN GALEGO A BELÉN FOI  
MENTRAS ADORA Ó NENO  
COMEULLE O SOMBREIRO O BOI.

DEIXADE ÓS PASTORES  
DEIXADEOS PASAR  
QUE VAN CANTAR Ó NENO  
A XESÚS NO PORTAL.

Solista: Nunhas pallas deitadiño —i en coiriños alí está,  
sendo o Dono deste mundo e Señor de canto hai.

— o —

*(A xente, na cociña, anímase, i o abó, recorda ún que adeprendéu nas súas andanzas por Ourense, na Comarca de Verín, aínda que a nós --parécenos-- que está un chisquiño "arregrado" Chámase o "MEU CARRAPUCHEIRIÑO").*

MEU CARRAPUCHEIRIÑO  
SOL DE BELÉN;  
BÓTAME ESES OLLIÑOS,  
VASME MORRER (BIS).

Solistas: Miña prendaña, miña monada  
meu queridiño estás nesas pallas;  
por veces calas, por veces choras,  
e da bica dun galego,  
canto pides, tanto mandas.

Quixera terte no colo —i o teu corpiño arrolar;  
e por veces, co meu folgo— as túas bágoas enxugar.

— o —

*(Rapaces e rapazas --xa que se vai facendo tarde-- determinan marcharse, porque hai que se ir ás súas casas, festexar a Noiteboa. Aló os esperan os seus páis pra comer xuntos os grelos, as filloas, o turrón i as uvas pasas. Menos os da Casa do Tío Farruco --que eisi se chama a casa onde estiveron-- vanse todos, tocando e cantando:).*

ADOREMOLO TODOS ON TEMPO —UN PRODIXIO TAN GRANDE  
[DE AMOR  
PRA QUE AQUELES QUE NON Ó CONOCEN— AS SÚAS GRORIAS  
[LLE VEÑAN CANTAR.

— o —

FIN DO TEMPO SEGUNDO



## GALICIA CANTA Ó NENO

### TEMPO TERCEIRO: ADORACIÓN I OFRENDAS

Decorado: De fondo —ilumiñado ó seu xeito— un descomunal “pote galego”. Drento del un Nacemento con persoaxes vivos, vestidos de “hebreos”, ó estilo dos tempos de Xesús. A Virxe, arrolando ó Neno; San Xosé, ó lado. Mulleres e homes de Belén, fanlle compañía. Ó levantarse o telón, escomenzan a entrar rapaces e rapazas, cantando deste xeito:).

— o —

### ADORÉMOLO TODOS ON TEMPO —ETC. ETC—.

Solistas: Éun rapaciño, como un sol dourado,  
de oliños negros e cabelo largo,  
de doce mirada e tenro sorrir,  
¡Meu Carrapuchiño... vámolos adorar.

Vede o Meu Meniño, tan mal arroupado  
mortiño de frío, nas pallas deitado,  
pra ensinar ó mundo a pura verdá:  
¡Meu Carrapuchiño... vámolos adorar.

— o —

Un gaitero: CANTO ME FOLGO DE VER O QUE NESTE ALBERGUE  
[PASA  
UN MENIÑO PEQUENIÑO I UN GALEGO TOCANDO  
[A GAITA.  
(O gaitero: Císcalle unha alborada).

— o —

Outro gaitero: HEI DE PASAR POR ALÓ A TOCARLLE UNHA AL-  
[BORADA  
QUEIRA DEUS QUE NON ME ASQUENZA O SON CON  
[QUE HEI DE TOCALA.  
(Os dous gaiteros zúmbanlle: A ALBORADA).

— o —

(Un grupiño, que aínda estaba fora, entra agora, cantando “unhas panxoliñas” da Comarca de Ribadeo. Descubrimos que este canto, interprétase por todo Galicia, mais de moitos xeitos distintos. Esta é unha

*das versións máis bonitas; somentes --pensamos nós-- lle gana, unha de Ourense, que tamén lles mostramos máis tarde).*

ERES MAIS LINDO E MAIS FEITO MOITO MAIS QUE UN SERA-  
[FIN (BIS)]

VINDE RAPACES DA ALDEA, VINDE ANXOS DEICA AQUÍ (BIS).  
FALADE BEN BAIXO, PETADE POUQUIÑO,  
PRA QUE NON DESPERTE O NOSO MENIÑO.

Canta, canta, Rapaciño,  
que eu xa non poido cantar;  
súas gracias e monadiñas,  
seu aquel doce mirar.

Chorando estás, miña vida,  
¿qué che da pena, Meu Ben?  
¿son os pecados dos homes  
i a frialdá do seu desdén?.

FALADE BEN BAIXO.....DURME MEU BEN

— o —

Un solista: (Versión de Ourense) FALAIME BEN BAIXO TREPAlME  
[POUQUIÑO]  
PRA QUE NON DESPERTE O NOSO  
[RULIÑO.]

Os fillos, fillos dos ricos,  
nas súas camas douradas,  
i este noso Pequeniño  
deitadiño nunhas pallas.

Teño unha pitiña, teño,  
con doce pitos tamén  
pra regalarlle á Virxe  
que está parida en Belén.

---

EIQUÍ ESCOMENZA A OFRENDA CO BAILE DA MUIÑEIRA

---

Solista: VAMOS, COMPAÑEIROS, VAMOS; VAMOS TODOS CARA  
[BELÉN]  
A VER AQUEL RAPACIÑO QUE ACABÓU DE NACER.—  
[TIROLIRORI ETC.]

Pastores: SÓMOS DOUS PASTORES CHAIREGÓS —QUE VIMÓS  
[XUNTO Ó MENIÑO;  
A TRAGUERLLE UNHAS GUEDELLAS— PRA QUE QUEN-  
[TE O SEU CORPIÑO.

Mariñeiros: SOMOS MARIÑEIROS, SOMOS —DA TERRA DE CAMA-  
[RIÑAS;

I Ó NENO XESÚS TRAEMOS— UNHOS PEIXES E SAR-  
[DIÑAS.

Ribeireños: Ó PORTAL VIMOS CORRENDO —DENDE A RIBEIRA DO  
[MIÑO;  
PRA OFRECERLLE Ó NOSO NENO— UN PELEXO DE  
[BON VIÑO.

Unha moza: TODOS CHE REGALAN ALGO —I EU ¿QUÉ CHE RE-  
[GALAREI?  
UN PUCHEIRO DE MANTEIGA— I UNHA CUNCA DE  
[BOA MEL. TIROLIRORI.

— o —

*(Como aínda queda moita xuventude --i a xuventude de hoxe ten outro xeito-- un voluntario de grupo, adícalle unha canción moderna. Letra de Moncho e música de Xoán).*

MIRADE Ó MENIÑO QUE ESTÁ NO PORTAL —SECÁDELLE AS  
BÁGOAS, QUENTÁDELLE O CHAN.

- a) Fillo dun probe carpinteiro, que nas madeiras traballa;  
fillo de Deus nesta terra, nasceu coa fame cravada.
- b) Cantan a súa fame os pastores; adorando aquel Meniño,  
rexurdían novas ilusións naquel pechado camiño.
- c) Amiguiño dos labregos, das náis e mariñeiros;  
anque loitou polos homes, cravado está nos cruceiros.
- d) Fixo do amor unha norma, véunos a tragar xusticia,  
enchéu todos os corazóns, de entrega, paz e ledicia.
- e) Os ricos cúspenlle á cara, os probes bícanlle os pés;  
morréu moi soio na cruz, pidiendo pra todos, bens.

(Un dos vilancicos máis morriñoso que se coñece, é: NENO DE CABELOS DE OURO. Móstranos unha versión, recolleita, na cidade de Lugo).

NENO DE CABELOS DE OURO, —MEU AMOR E MEU TESOURO—  
[RICO BEN;  
TANTO COMO A TI CHE QUERO— NON LLE QUIXEN NIN ESPERO,  
QUERERLLE NUNCA A NINGUÉN. AI LA LA LA LA.

Esas, esas manadas de feno,  
en que está deitado o Neno,  
frías son;  
deixa que onda a Ti me achegue  
e Te deite e Te afregue (bis)  
no meu probe corazón. AI LA LA.

---

—UNHA MOSTRA DE CANTOS DE ARROLO—

---

(O ano pasado, cando presentamos a primeira versión de "Galicia canta ó Neno" en Ourense, atopamos este arrollo, que --xa verán-- é unha verdadeira ledicia).

E RORRÓ, RORRÓ, MEU AMOR.  
E RORRÓ, RORRÓ, MEU NENO,

a) Eu son un probe galego,  
do sul da nosa terriña  
i ó Neno Xesús lle traigo  
lenzo pra unha camisiña.

b) O Meniño está no berce  
vistidiño de oletón;  
i os nenos que ó arrolan,  
anxos do Ceo son.

— o —

(Como despedida, todos xuntiños, moi quedos, cantámoslle o "REVE-RREVE", pra que durma o Neno. Al alma do pobo galego, pálpase eiquí, na dozura desta canción, con xeito de "arrollo" e máis alborada. Despóis de cantar, márchanse todos caladiños, sin faguer bulla).

OH MEU REI MEU QUERIDIÑO  
QUE NA VEIRA DUN CAMIÑO,  
BERCE TES.

VEN Ó CARON DO MEU PEITO  
E DURME NESTE LEITO  
SI SONIÑO TES.

REVE REVERREVERE... REVE MEU RULIÑO REVERR

— o —

REMATE DO TEMPO TERCEIRO



## G A L I C I A   C A N T A   Ó   N E N O

### ULTIMO TEMPO: ANO VELLO, ANINOVO E REIS

Decorado: Unha casa de aldea, con unha portada "ó fondo". Neste "tempo" esfargullamos unha pequena mostra dos cantos de "reis i aguinaldos" que aínda se conservan, gracias ás "nosas aboas". Entran no escenario, cantando e bailando, ó son de gaitas e pandeiros.

— o —

SE DAN O FUMEIRO, VAMOS CONTENTIÑOS,  
VÁMONOS CORRENDO CO NOSO MENIÑO;  
A VIRXE CONTENTA, TAMÉN OS PASTORES  
POR VER AQUEL NENO NACIDO ENTRE FRORES.

- a) Vínenos abrir a porta,  
sacáinos desta xeada,  
que eiquí traemos ó Neno,  
nunha camiña de palla.
- b) Nunha camiña de pallas  
traemos eiquí ó Meniño  
a Virxe está chorando  
porque lle morre de frío.
- c) Pra que non morra de frío  
vimos eiquí os pastores  
cunhos pouquiños trapiños  
nunha cestiña de frores.

— o —

(Na provincia de Ourense, recollemos este canto de "Ano vello e Aninovo". Non respondemos da súa lexitimidade, xa que se nota "certo parecido" con outras cántigas do folklora galego. De todos os xeitos, é unha boa peza musical que debemos espallar, xa que desto queda moi pouco, en Galicia).

— o —

DESPEDIDA DE ANO VELLO  
ENTRADIÑA DE ANO NOVO;  
OS SEÑORES DESTA CASA  
OS CONTEN CON MOITO GOZO.

VIVA! BERRAN OS GAITEIROS  
QUE VIÑERON A TOCAR  
Ó NENO RECEN NACIDO  
ENTRE AS PALLAS DUN PORTAL (BIS).

ANO NOVO, VIDA NOVA,  
ANO NOVO ¿QUÉ TRAERÁS?  
O VELLO SUSPIROS LEVA,  
O NOVO XA OS TRAERÁ.

ANO DE FESTAS QUE NACES  
O PASADO XA PASÓU  
A PRIMAVEIRA ENVERDECE  
O XARDÍN QUE SE MARCHÓU.

— o —

*(Na parroquia de Rao --en Navia de Suarna-- recollemos "estes Reis",  
con xeito de pandeirada).*

A SEÑORA AMA DA CASA  
TEN O COLOR DA CEREIXA,  
COMO ELA É BOA MOZA  
SIN LIMOSNA NON NOS DEIXA.

Esta casa sí que é casa  
estas sí que son paredes;  
a muller que nela está  
é muller entre as mulleres.

AI! SEÑORA AMA DA CASA,  
CACHÉE BEN OS BOLSILLOS  
SE NON NOS HA DE DAR CARTOS  
DÉANOS OVOS E CHOURIZOS.

— o —

*(Outra crás de "reis", eran --e aínda son nalgunhas parroquias-- os  
chamados "Reis do Rei Gaspar" --tipo romance ou canción de cego-- que  
se cantaban por toda a nosa terra. Escoitámolos en Sarria, nos Nogales,  
no Caurel, en Monforte, Chantada, Lalín, etc. En todos os sitios cánta-  
nos, nun galego "castrapo", contando historias sin xeito nin senso arre-  
metendo, case sempre contra Herodes e Pilatos. Poñemos unha mostra,  
tal coal se canta, na parroquia de Visuña --Caurel-- e máis en Doncos  
--Os Nogales--).*

FELICES FIESTAS DE REYES  
DESPUÉS DE LAS DE NOTAR;  
QUE CUANDO NACÍO JESÚS  
NOS PROMETÍO UNA SEÑAL.

DIO UNA FAMOSA ESTRELLA  
QUE TEMPLADA LA LUZ NOS DA  
DE ORIENTE SALEN TRES REYES  
GUIADOS DE ELLA SE VAN.

NOSA VIRXEN GRORIOSA É LINDA COMO UNHA ROSA  
CANDO DEUS QUIXO NACER ESCOLLÉU A MÁIS FERMOZA,  
NON QUIXO NACER EN TORRES  
NIN EN CASA DE SEÑORES  
QUIXO NACER EN BELÉN  
ONDE ESTÁ XERUSALÉN

ONDE ESTABA UN BOI MOI MANSO  
E UNHA MULA MALICIOSA  
CANTO MÁIS O BOI XUNTABA  
MÁIS A MULA ESTRANGALLABA.

ESTA VAI POR DESPEDIDA  
HOXE EIQUÍ NON CANTO OUTRA  
OS SEÑORES DESTA CASA  
DE HOXE NUN ANO OIAN OUTRA.

— o —

*(I eisi botaban "horas e máis horas" cantando sen parar. Hai coplas pra todos os gustos e de todos os xeitos. Os versos, nótase que foron feitos "sempre" pola xente --que improvisaba as máis das veces-- e so- mentes lles importaba a "consonancia ou asonancia" sen parar moito no sentido das verbas. As veces dínse verdadeiras burredas, pro, gracias a elas, conservamos a "múseca", que é, de verdáde o que agora importa.*

*Outra crás de "reis", son os da "Cabra fanada", 'guedellos de cabra', "orellas de cabra", etc. etc., que se cantaban sempre que encontra- ban "casas ou persoas agarradiñas" e non soltaban os cartos, os chourizos, ou calquera cras de aguinaldos. A algunhas persoas, cantábanllos "sem- pre". Poñemos unha mostra dos máis coñecidos na Provincia de Lugo).*

— o —

CANTAMOSCHE OS REISES GUEDELLOS DE CABRA  
CANTAMOSCHE OS REISES NON NOS DECHES NADA (BIS).

Somos os "reises" do quiquiriquí  
Somos os reises do cacaracá,  
vimos a ver que nos botan eiquí;  
vimos a ver que nos botan alá;  
Somos os reises da "cabra fanada"  
viñemos eiquí, non nos deron nada.

Aquí vimos catro, cantaremos oito,  
déanos o aguinaldo, fociño de cocho;  
ó aguinaldo vimos, ó aguinaldo andamos  
se nos dan touciño tamén o levamos.  
Somos os reises do quiquiriquí  
se non nos dan nada, marchamos deiquí.

---

### REMATE DA FESTA: CANTOS E BAILES

---

*(O chegar eiquí, algunhos dos componentes de "Galicia canta ó Neno" baixan do escenario e métese no meio da xente, pra cantar, todos xuntos, unhos cantos estrebillos --os máis doados de cantar--, mentras os gaiteiros i o conxunto de baile, siguen na escea. Poñemos a letra, pra que poidan cantar connosco).*

— o —

ADOREMOLO TODOS ÓN TEMPO —UN PRODIXIO TAN DIGNO DE  
[AMAR,  
PRA QUE AQUELES QUE NON O CONOCEN— AS SÚAS GRORIAS  
[LLE VEÑAN CANTAR.

— o —

VINDE GALEGUIÑOS VINDE, VINDE CON PANDEIRO E GAITA,  
QUE UN MENIÑO MOI RIQUIÑO NACÉU HOXE NA MONTAÑA. (BIS).

— o —

LA LARALA LARALALA. —AIRE DE XOTA MOI COÑECIDA.

---

REMATE DE "GALICIA CANTA O NENO"

---

## REFREIXOS DA PRENSA GALEGA

«Cada intervención de «Galicia canta ó Neno» ofrece una numerosa variedade de composiciones, por que los conciertos, lejos de cansar al oyente, mueven su interés, porque son intervenciones breves, que obligan al cambio de tema y ritmo en cada momento... ¡A cantar primero «ao Neno», y después a todo lo que Galicia canta! Pues se sabe que: O cantar da alegría, o cantar danos contento; vamos a cantar por fora, o cantar que vai por dentro. (*J. Trapero Pardo en la HOJA DEL LUNES, Lugo*).—«Gran espectáculo musical, costumbrista, plástico y folklórico», lo que parece estar en la nueva línea expresiva del «Espectáculo total». (*Tuñas Bouzón en EL FARO DE VIGO*).—«El folklore de Galicia es quizá el más sobresaliente de España». El espectáculo ha sorprendido y agradado. (*De una entrevista de Rivera Cela, en el IDEAL GALLEGO*).—El guión de «Galicia canta ó Neno», ha sabido lograr una estupenda armonía y conjunción entre lo espectacular, lo musical y lo costumbrista, aportando para ello muchos de los indudables valores folklóricos que nuestra Galicia puede ofrecernos. (*Alvarado en LA REGION DE ORENSE*).—Vuelve «Galicia canta ó Neno», en su segunda edición, con nuevos valores y nuevas aportaciones. La aportación de las gaitas y la zanfona al conjunto nos introducen en la esencia profunda del alma gallega. (*Alonso en LA VOZ DE GALICIA*).—«Galicia canta ó Neno» es una forma de descubrir y no dejar morir el rico folklore de Navidad en Galicia, uno de los mejores y más ricos del mundo». (*De una entrevista de López Castro, en EL PROGRESO, DE LUGO*).

---

GALICIA CANTA Ó NENO, no seu segundo ano, presentouse —ou se vai a representar— nos siguientes pobos:

En Lugo Capital: No Colexio Menor Femenino Santísimo Sacramento, na Diputación (Círculo Cultural de Educación Permanente) e no Gran Teatro, patrocinada esta representación pola Delegación Provincial de Información e Turismo.

Nos Teleclubs de Castro de Rei de Terra Llana, Xustás, Fonsagrada, Folgosa do Picato e Mondoñedo. Estas actuacións apadriñas a Rede Provincial de Teleclubs do Ministerio de I. e Turismo.

Ademáis destes sitios e pobos da nosa Provincia de Lugo, GALICIA CANTA Ó NENO" mostraráse tamén, en Ourense (o día 29), en Vigo (o día 23), na Cruña e no Ferrol en datas sin fixar, no intente en que iste programa foi a imprenta.

— o —

Os compoñentes de "Galicia canta ó Neno" queren agradecer, desde eiquí, a axuda e colaboración que lles prestou a Delegación Provincial de I. e T., tanto ela mesma como tamén por meio da Rede Provincial dos Teleclubs. Louvamos a maneira i o xeito que teñen de levar a cultura i o arte os nosos pobos, sobor todo ós que non teñen outros medios pra arrenxala. Estamos con eles nesta laboura.

— o —

¡DESEXAMOS PRA TODOS: UN FELIZ NADAL E XEITOSO ANINOVO 1975!

